

Suxestión remitida ao Concello de Vilagarcía no sentido de atender a queixa e anular o recargo do recibo, tendo en conta que o concello non informou axeitadamente

Expediente: L.4.Q/7880/21

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Sr. Alcalde.

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] relativo ao retraso nas chegadas dos recibos para pagar o IVTM do concello de Vilagarcía

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que recibiran os recibos correspondentes ao ano 2021 o día 26 de agosto, cando o prazo xa rematara o día 23. A interesada informa que chegaran os recibos correspondentes aos vehículos dunha parte da súa familia, que o seu aínda non chegara. Indicaba, tamén, que ao presonarse na oficiña *“a resposta que me deron foi que estaban ao tanto de que boa parte dos contribuíntes recibiran a notificación fora de prazo (exculparonse botando as culpas a Correos aínda que comentaronme distintas versións con respecto a canto tempo facía que as enviaran), pero que, basándose na ausencia de obriga por parte do Concello de enviar estas notificacións, a única solución que quedaba era que pagasemos o imposto cun recargo do 5%. Consideran que os contribuíntes debemos estar ao tanto das datas establecidas para o pagamento de cada un dos impostos, non teñen en conta que historicamente se ven enviando esta notificación vía correo ordinario e cun amplo prazo para o pago”*

Ante iso requirimos informe ao concello de Vilagarcía, que xa nolo remitiu. O informe indica o sinalado pola norma que regula os chamados tributos periódicos, a Lei 58/2003 Lei Xeral Tributaria (LXT):

“(.) que no seu artigo 102, en relación á notificación das liquidacións tributarias, establece que nos tributos de cobranza periódica por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente á alta no respectivo rexistro,

padrón ou matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións mediante edictos que así o advirtan.

O RD 939/2005, de 29 xullo de 2005, regulamento xeral de recadación (RXR) establece no artigo 24, para as débedas de vencemento periódico e notificación colectiva (como é caso), que a comunicación do período de pago se levará a cabo de forma colectiva, e publicaranse os correspondentes edictos no boletín oficial que corresponda e nas oficinas dos concellos afectados. Os devanditos edictos poderán divulgarse polos medios de comunicación que se consideren adecuados.

A Ordenanza nº IV.4, Fiscal Xeral, do Concello de Vilagarcía de Arousa establece que os padróns fiscais serán expostos ao público nas oficinas municipais, como mínimo, durante o tempo no que o padrón do tributo estea ao cobro en período voluntario. A estes efectos farase coincidir a finalización do período de exposición pública e a finalización do prazo de pago en período voluntario.

E no artigo 10 da ordenanza tamén se establece que no caso de tributos de cobro periódico notificarase individualmente a liquidación corresponde á alta no respectivo padrón, matrícula ou rexistro, e as sucesivas liquidacións incluídas nos padróns de vencemento periódico (recibos) notificaranse colectivamente mediante edictos que se publicarán no BOP e, no seu caso, na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa. En aplicación do anterior, o período de pago do padrón do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica notificouse colectivamente, como en todos os anos anteriores, mediante publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia (núm. 119 de 24.06.2021)

O envío dos recibos ao domicilio dos obrigados ao pago efectúase voluntariamente polo Concello de Vilagarcía de Arousa, para facilitar aos veciños o pago dos impostos e para evitar aglomeracións nas dependencias municipais.

*Agora ben, o envío dos recibos en papel aos domicilios efectúase mediante persoal municipal ou mediante correo ordinario, sen acuse de recibo. **En ningún caso constitúe unha notificación, tal e como alega a reclamante, non se ten que axustar aos artigos 109 e seguintes da LXT e en ningún caso a Administración ten constancia da súa recepción ou non.***

Para facilitar o pago dos tributos de vencemento periódico e notificación colectiva, evitar aos contribuíntes que teñan que estar pendentes do pago dos tributos en prazo e minimizar os casos de impago por "olvido", existen distintas vías a disposición do obrigado ao pago.

*O RXR no artigo 25 establece que os obrigados ao pago poderán **domiciliar o pago** das débedas de vencemento periódico e notificación colectiva en contas abertas en entidades de crédito.*

*Por outra banda, o artigo 13 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa establece que os contribuíntes deberán **facilitar ao Concello un correo electrónico aos efectos de recibir comunicacións de período de cobranza dos tributos e avisos informativos de posta a disposición das notificacións.** O interesado ou o seu representante será o único responsable de manter dita información actualizada.*

Se o contribuínte non se acolle a ningunha destas vías deberá estar pendente do pago dos tributos en prazo.

Polo tanto, en base ao exposto, a notificación dos recibos do padrón do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica efectúase correctamente, independentemente de que por distintas circunstancias o reparto voluntario do recibos nos domicilios dos obrigados ao pago parece ser que non se realizou en todos os casos antes de que finalizara o período do cobranza

*En ningún caso, a administración non ten constancia das datas de entrega dos recibos nos buzóns dos domicilios, se foron recibidos ou non, nin das datas en que a oficina de Correos efectuou as entregas, **xa que non se trata de notificacións administrativas.***

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

- Como recolle o informe municipal, a Lei Xeral Tributaria e o Regulamento Xeral de Recadación recollen a **posibilidade de realizar notificacións colectivas**, a través de edictos publicados nos bolentins que proceden. Pero non é menos certo que as administracións locais teñen **por costume relizar o envío, dos recibos nos periodos de pago impositivo**, para facilitar á veciñanza información destes periodos e garantir o cumprimento das obrigas.
- No caso da interesada, o recibo chegou ao domicilio familiar o día 26 de agosto, **tres días despois de rematar o prazo de pago voluntario**, e o día que a señora XXXXXX rexistrou a súa queixa nesta institución aínda non lle chegara o correspondente ao ser vehículo. Dado que todos os anos o concello de Vilagarcía remite aos domicilios os recibos con prazo dabondo para o seu pago durante o período voluntario, a **interesada podía, lexitimamente, actuar na confianza de que o concello faría o mesmo este ano**
- O Concello de Vilagarcía, como se pode apreciar pola información nos medios de comunicación, ten en marcha **proxectos para facilitar o pago dos tributos dunha**

maneira máis acida, como o Plan de Fraccionamento que o Alcalde presentou no mes de xaneiro. Nesas informacións, o propio rexidor indicaba a necesidade de informar destes procesos aos veciños e veciñas *“polos cambios importantes que supón para Vilagarcía”*

- Como afirma a interesada na súa queixa, o pasado ano, Vilagarcía como moitos outros concellos, **aprazou o pago de tributos locais** por causa da pandemia. Esta **modificación tan recente no calendario tributario** non pode ser obviada á hora de realizar os avisos á veciñanza, que non sempre conta con toda a información e que non sempre conta con toda a información nin con facilidades para acceder á mesma.
- O día 28 de agosto o xornal La Voz de Galicia titulaba *“Vecinos de Vilagarcía reciben facturas del concello cuando el plazo para pagarlas ya ha caducado”*. No desenvolvemento na nova persoas afectadas polos recargos sinalaban “en el concello nos dicen que enviaron las cartas hace veinte días y que es culpa de Correos no haberlas enviado antes” e a redacción do xornal insindicaba que: “según el Gobierno local las cartas se entregaron entre el 3 y el 5 de agosto a Correos”. O día 11 de setembro o xornal Faro de Vigo titulaba: *“Ravella culpa a Correos da recarga no impostos daqueles veciños que non o teñen domiciliado”*
- **O dereito á información é un Dereito Fundamental para a defensa dos dereitos da cidadanía** e o dereito da cidadanía a unha Administración eficaz depende, na maioría dos casos, da adaptación dos medios materiais e humanos ás obrigacións derivadas da Lei.
- Partindo pois destas premisas, para aplicar a normativa que necesariamente obriga á cidadanía, **a información** que dende a Administración se facilite para poder cumprir a mesma, **ten que ser comprensible e de acceso fácil**, de maneira que o principio de accesibilidade o sexa para todos.
- Non se trata con cumprir formalmente con informar, senón, que **a información cumpra coa finalidade perseguida e, evidentemente, coa eficacia**, sendo este o elemento cruce a ter en conta por calquera Administración. **A seguridade xurídica para a cidadanía depende, en todo caso, dunha actuación concreta, eficaz e áxil de calquera Administración**, o que poderíamos resumir como unha **“ información útil”**.
- Neste caso, a información que se trasladou desde a Administración **non cumpriu eses requisitos**, ben fora polos retrasos nos envíos como pola inexistencia doutra información adicional comprensible e de fácil acceso.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte **suxestión**:

Tendo en conta a evidencia de que houbo un importante retraso na chegada dos avisos e que ese retraso tivo coma consecuencia un recargo no imposto, que se estime as queixa presentada pola ██████ e se anule dito recargo.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se consegue.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.



Saúdo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo